



Vicerreitoría  
Campus de Pontevedra

## **Sesión extraordinaria do 31 de maio de 2011**

- 1.- Constitúese o Consello de Campus
- 2.- Nomésase como Secretario a D. Manuel Gutiérrez Nieto.

## **Sesión Ordinaria do 31 de maio de 2011:**

### **1.- Apróbanse as actas anteriores**

### **2.- Informe Reitor:**

- Informa sobre a situación económica da U. Vigo. O ano 2011 está sendo o máis difícil para a nosa Universidade.

- Estatuto PDI. O Ministerio está chegado a acordos coa CRUE sobre o traballo do profesor, posteriormente se elaborará o Estatuto interno.

- Titulacións: a nosa oferta terá que estar vinculada á demanda e ás capacidades de nosa institución. No caso de que no prazo de 3 anos non se chegue ao número mínimo de alumnos, as titulacións terán tres anos máis para estudar a súa viabilidade.

- Os Másteres: número mínimo de 20 alumnos (por agora).

- O Reitor fixo unha rolda de contactos cos Decanatos do Campus (Falta CC. Educación e do Deporte).

- Estase a estudar o proceso de integración das Escolas de Enfermería coa Deputación e o SERGAS.

- A Rede de Investigación Forestal está bastante avanzada. Mantéñense contactos con: Misión Biolóxica, Lourizán, e a Escola de Forestais liderando o proxecto.

- Ampliación da Facultade de Fisioterapia cun Centro de Asistencia (doble ou triple vertente), o seu financiamento virá dos Fondos Europeos.

- Escola de Deseño e Moda: Solicítase que pase a ser un Título Oficial cando se abra o prazo do Mapa de Titulacións no ano 2013.

- Comezarase a traballar no eixos: Comunicación e Arte, e Deporte e Saúde.



Vicerreitoría  
Campus de Pontevedra

### **3.- Informe sobre infraestruturas:**

A Vicerreitora informa:

- Remate da Escola Infantil e a posta en marcha da mesma. Está funcionando.
- Sobre os terreos de Tafisa: conversas paradas polas eleccións.
- Edificio ONCE: a ONCE e o Concello están no momento da permuta.
- Realízase un informe (por parte de Unidade Técnica) sobre os proxectos de Sustantibilidade do Campus e a primeira fase de Humanización do Campus.

### **4.- Informe sobre Extensión Cultural:**

Informa a Directora de Área: sobre todas actividades culturais e deportivas que se realizaron ou se van realizar no curso 2011.

### **5.- Aprobación de Cursos e Obradoiros:**

Presentados 11 proxectos apróbanse todos menos dous que non cumpren os requisitos (ver anexo I)

### **6.- Rogos e preguntas.**

- O Sr. Mollinedo solicita que as actas do Consello de Campus non se tarden tanto en aprobar. O Reitor contesta que se fará o posible a partir de agora.
- O Sr. Mollinedo solicita que nos centros estean os Libros do Edificio así como o Plan de mantemento de cada Centro. O Reitor contesta que nestes momentos se está levando a cabo un estudio, neste sentido, en toda a Universidade.
- O Sr. Mollinedo pregunta se os orzamento baixarán no Campus de Pontevedra igual que nos outros Campus da nosa Universidade. O Reitor contesta que neste Campus baixarán un pouco menos.
- O profesor D. Juan Carlos Meana quere poñer en coñecemento as condicións de mantemento da Facultade de Belas Artes así como a limitación de espazos debido os Másteres implantados e a Titulación de Deseño e Moda. O Sr. Reitor contesta que o primeiro xa se está a facer e



Vicerreitoría  
Campus de Pontevedra

sobre o segundo punto dí que haberá que facer un estudo de previsións mentres non se faga o novo edificio.

- A profesora Francisca Fariña fala das necesidades de Técnicos de material deportivo para que se manteñan en boas condicións. Tamén solicita nosvos espazos para becarios. A Vicerreitora contesta que xa se falou coa Xerencia as necesidades de persoal técnico. En relación aos espazos especifica que deberíamos optimizar mellor os que temos, comprometéndose a axudar nesa optimización. O Sr. Mollinedo dí que o personal técnico vai pola RPT.
- O Sr. Mollinedo roga sobre a necesidade de máis persoal informático no Campos (so hai dúas persoas).
- O Sr. Mollinedo roga que se atenda a falta de espazos na Biblioteca Central do Campus para que os alumnos/as poidan estudar, indica a posibilidade de que nos centros se habiliten espazos para estudo.
- O Sr. Mollinedo roga que cando o Administrador de Centros estea de baixa poida ser substituído xa que isto implica un problema para a execución do orzamentado. O Sr. Reitor contesta que os recursos humanos para informática hai que maximizalos e ter un supervisor con bolserios. En canto á Biblioteca, di que informará ao Vicerreitor e sobre o asunto do Administrador que o presentará á Xerencia.
- A profesora Dna. Águeda Gutiérrez pregunta sobre o rogo do profesor D. José Luis García Soidán sobre o Comité de Ética. O Sr. Reitor contesta que non é doado pero que existe unha normativa europea, de todos modos a Comisión de Investigación da nosa universidade está traballando este tema para que se poidan tratar certos asuntos éticos.
- A profesora Dna. Dolores Dopico roga que se estude a posibilidade de articular formas de traballo entre os diferentes investigadores do campus. O Sr. Reitor explica que hai que estudar as posibilidades de cooperación tendo en conta a realidade do Campus e a vontade de xerar eixos entre investigadores.
- A Vicerreitora propón que para as próximas convocatorias de cursos e obradoiros se constitúa unha comisión delegada do propio Consello de Campus. Tamén informa que consultará á Secretaría Xeral sobre os alumnos do Consello de Campus.



Vicerreitoría  
Campus de Pontevedra

### **Asistentes á Sesión Extraordinaria:**

D.Salustiano Mato de la Iglesia  
Dna. Antonia Blanco Pequeria  
Dna. Paloma Cabello Pérez  
D. Manuel Gutiérrez Nieto  
Dna. Águeda Gutiérrez Sánchez  
D. Juan Carlos Meana Martínez  
Dna. Begoña Méndez Abillera  
D. Calos Mollinedo Lois  
D. Carlos Soutelo Soliño

### **Asistentes á Sesión Ordinaria:**

D.Salustiano Mato de la Iglesia  
Dna. Antonia Blanco Pesqueira  
Dna. Paloma Cabello Pérez  
Dna. Francisca Fariña Rivera  
D. Manuel Gutiérrez Nieto  
Dna. Águeda Gutiérrez Sánchez  
D. Juan Carlos Meana Martínez  
Dna. Begoña Méndez Abillera  
D. Calos Mollinedo Lois  
D. Carlos Soutelo Soliño